

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE MAIO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e oito de maio de dous mil dezaoto ; as nove horas e corenta minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde D José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín e Dona María López Touza

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vinteún de maio de dous mil dezaoto (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non hai.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

Prórroga de licenza de obra maior

Vista a solicitude formulada por dona Paula Andrea Ortiz con rexistro de entrada no concello 2239 de 21 de maio de 2018 de “ prorroga do prazo de inicio das obras coa conseguinte prórroga do prazo de remate”

Considerando que con data de 31.10.2016 a Xunta de goberno local do concello de Ribadavia concede licenza de obras segundo “ Proxecto execución de vivenda unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos en Ribadavia (Ourense)” firmado polos arquitectos don Alberto Monreal Aliaga e dona Elisa Durán Pérez.

A xunta de goberno local , por unanimidade, acorda:

-Conceder unha prórroga do prazo de inicio das obras de seis meses e do prazo de remate de tres anos , a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación da presente, para a licenza de obras de “ Proxecto execución de vivenda unifamiliar e vivenda comunitaria para anciáns autónomos en Ribadavia (Ourense)” proxecto redactado polos arquitectos don Alberto Monreal Aliaga e dona Elisa Durán Pérez.

ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-

1.- Visto o escrito presentado por dona Obdulia Míguez Mosquera solicitando acometida de auga en Francelos nº 24-3º, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-5-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

2.- Visto o escrito presentado por dona Ana Diana Martínez Martínez solicitando acometida de auga en rúa Extramuros 62 , piso 2 esquerda , Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 15-5-2018 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

-Escrito con rexistro de entrada no concello 2307 de 24 de maio de 2018 de dona María del Pilar Vázquez Cobelas en representación do Club Marusia Ourense solicitando a baixa no Rexistro de Entidades Deportivas do concello de Ribadavia do club Marusia e a baixa de María del Pilar Vázquez Cobelas como representante do club no Consello Rector de Deportes.

A xunta de goberno local acorda acceder ao solicitado.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

-Comunicación de Resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil autorizando a posta en valor do ponte de Prexigueiro no río Cerves a petición da Mancomunidade Turística Terras do Avia.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de febreiro 2018, por importe de 512,40 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

2.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de marzo 2018, por importe de 542,50 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

Contratación técnica da loxística, de luz e son para a MIT Ribadavia 2018 – Concello de Ribadavia

O Concello de Ribadavia , ao carecer de medios persoais e materias precisa da cobertura técnica para todas as necesidades técnicas derivadas da realización da 34ª edición do festival, de acordo coa relación de espectáculos e espazos, riders técnicos sinalados e co compromiso de dispoñibilidade ou adecuación ao plan de montaxe consensuado coas compañías programadas e co persoal técnico necesario fornecido pola empresa concesionaria. Os espectáculos estarán programados entre os días 13-22 de xullo de 2018, con traballos de montaxe e desmontaxe do equipamento previos e posteriores a estas datas.

De conformidade co establecido no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público ,queda acreditado que non existen medios materiais no concello para proveer o necesario.

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requerirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenrolo de esta lei.

118.3 No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña subscrito máis contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

16.1 Son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, arrendamento financeiro ,ou o arrendamento , con o sen opción de compra de produtos ou bens mobles.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

18.1 Entenderase por contrato mixto aquel que conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase.

Para a determinación das normas que rexerán a adxudicación dos contratos mixtos cuxo obxecto conteña prestacións de varios contratos regulados nesta lei, estarase as seguintes regras.

A)Cando un contrato mixto comprenda prestacións propias de dous o máis contratos de obras, subministros ou servizos atenderase o carácter da prestación principal.

Considerando que dende o 9 de marzo de 2018, data de entrada en vigor da Lei 9/2017 , non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto coa empresa Recursos Técnicos Artísticos

, co cal os contratos menores do obxecto do contrato suscritos co contratista non alcanzan o valor estimado de 15.000 euros.

Contratar con Recursos Técnicos Artísticos a loxística, luz e son da MIT 2018 por un importe total ,IVE engadido de 19.000 euros.

Aprobar o gasto por importe de 19.000 euros

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

A empresa contratista

Deberá axustarse ao seguinte orzamento: 19.000€IVE engadido

-Deberá realizar a equipación, cobertura técnica e desenvolvemento das tarefas de xefatura técnica do festival para o seguinte programa:

PROGRAMA 34ª MIT RIBADAVIA (só se inclúen espectáculos con necesidades técnicas ou susceptibles de precisar algún apoio técnico).

PROGRAMA MIT 2018

Día 13 de xullo Off MIT – 23:00h Actuación do grupo afeccionado de Ribadavia

Día 14 // sábado

21:00 Inauguración oficial da MIT 2018. Actuación de De Vacas.

23:00h – Auditorio do Castelo – *Commedia, un xoguete para Goldoni* – Contraproducións, en coprodución coa MIT Ribadavia – Galicia. (Estrea absoluta-o rider técnico está en confección e será entregado con tempo suficiente á empresa adxudicataria desta concesión de servizos)

1:00 – Praza Maior (Ruadavia) – *De Vacas, pase nocturno* – De Vacas – Galicia.

Día 15 // domingo

20:00 – Alameda (Ruadavia) – *Emportats*– La Trocola – Valencia.

23:00 – Auditorio do Castelo – *La Gioia* – Pippo Delbono – Italia

Día 16 // luns

23:00 – Auditorio do Castelo – *No daré hijos, daré versos* – Marianella Morena – Uruguay.

Día 17 // martes

23:00 – Auditorio do Castelo – *Donde el bosque se espesa* – Micomicón – Madrid.

Día 18 // mércores

23:00 – Auditorio do Castelo – *Mendoza* – Los Colochos – México.

Día 19 // xoves

23:00 – Auditorio do Castelo – *Tebas Land* – **Euroscena** – Castilla La Mancha.

Día 20 // venres

23:00 – Auditorio do Castelo – *Ragazzo* – Teatre Tot Terreny – Cataluña.

Día 21 // sábado

21:00 – Alameda (Ruadavia) – *Rojo estándar* – La Nórdika – Andalucía.

23:00 – Auditorio do Castelo – *Elisa e Marcela* – A Panadaría – Galicia.

1:00 – Praza Maior (Ruadavia) – *El mundo por montera* – Rodrigo Cuevas – Asturias.
(Colaboración e apoio da MIT ao proxecto Arteficial)

Día 22 // domingo

23:00 – Auditorio do Castelo – *The Table* – **Blind Summit Theatre** – Reino Unido.

Espazos: Auditorio do Castelo (todos os días do festival) e espectáculos na rúa.

Equipamento mínimo necesario:

Auditorio do Castelo

ESTRUTURA GRAND SUPPORT CUN MÍNIMO DE 12 METROS DE BOCA X 8 METROS DE FONDO CON 4 CORTES SUSTENTADA POR 4 MOTORES DE CADEA DE 1000 KG MARCA CM LODESTAR CON MANDO DE MANIOBRA DAS CATRO UNIDADES E UNHA A UNHA, PARA UNHA CARGA MÁXIMA DE 4000 KG TOTAL.

SISTEMA DE TRUSS FRONTAL SITUADO NO ALTO DO ANFITEATRO (CONTROL) CUNHAS MEDIDAS MÍNIMAS DE 12 METROS DE LONGO X 5 DE ALTO SUSTENTADO POR 2 TORRES TELESCÓPICAS PARA UNHA CARGA TOTAL DE 400 KG.

SISTEMA DE REGULACIÓN DIXITAL CON CANLES DE DIMMERS

MESA DE CONTROL DE NON MENOS DE 72 CANALES DE REGULACIÓN TOTALMENTE COMPUTERIZADA CON PROTOCOLO DE SINAL DMX 512.

MATERIAL DE ILUMINACIÓN PRECISO PARA CUBRIR AS NECESIDADES DOS RIDERS DAS COMPAÑÍAS PROGRAMADAS, SEGUNDO SE INDICA NOS ANEXOS.

SISTEMA DE SOBRETITULACIÓN

SISTEMA DE ELECTRIFICACIÓN DOS CATRO CORTES DE ESCENARIO + PONTE DE BOCA CON 13 CIRCUITOS POR CORTE, (EN TOTAL 5 CORTES)

6 TORRES DE CALLE DE 2,80 DE ALTO CON TRES ALTURAS E ELECTRIFICADOS CON 3 CIRCUITOS

2 VARAS AUXILIARES PARA CIRCUITOS DE CHAN DE NON MENOS DE 12 CIRCUITOS EN TOTAL

CAMARA NEGRA COMPLETA CON FORO, 4 XOGOS DE PATAS E 4 BAMBALINAS

CICLORAMA DE RETROPROYECCIÓN DE 12X6 METROS EN PVC COLOR BLANCO

GOBELIN DE 12X6 METROS EN COLOR NEGRO

MÁQUINA DE FUME

LINÓLEO NEGRO PARA OS ESPECTÁCULOS QUE O REQUIRAN

SISTEMA DE SON FORMADO POR:

EQUIPO DE PA ESTACADO DE 6000 W RMS MARCA DUXON

4 MONITORES INDEPENDIENTES TURBOSOUND DE 300 w RMS

MESA DE CONTROL YAMAHA O1V OU SIMILAR DE MÍNIMO 12 CANALES

RACK DE DINÁMICA CON EQ, REVERD, ETC

2 CD PROFESIONAIS CON AUTOPAUSE, CUE, PICT, ETC

SISTEMA DE INTERCOM DE MÍNIMO 3 POSTOS

MICROFONÍA DINÁMICA MARCA SHURE (SM57Y SM 58) Y
CONDENSADOR (AKG)

MICROS INALÁMBRICOS

MANGUEIRA DE SINAL ENTRE CONTROL E PACTO DE ESCENARIO DE MÍNIMO 24 CANALES (20+4 RETORNOS)

ORGANIZACIÓN MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2018.-

Dase conta da proposta de Dona Maria López Touza como Concelleira de Cultura do Concello de Ribadavia, propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da contratación de espectáculos teatrais para a Mostra Internacional de Teatro.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda adxudicar os contratos de espectáculos teatrais as empresas que de seguido se detallan e coa aprobación do gasto que se describe: EMILIA ROMAGNA TEATRO FONDAZIONE-TEATRO STABILE PUBLICO REGIONALES, o día 15 de xullo de 2018 (15.150 euros)”.

SOLICITUDE DE SUBVENCION.-

“Vistas as Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a Concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes o exercicio de 2018, aprobadas pola Comisión Executiva do Inorde con data 4 de maio de 2018 e publicadas no BOP nº 113 de data 19 de maio de 2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

UNICO.- Acollerse as devanditas Bases e solicitar a correspondente subvención prestando aprobación a solicitude de subvención para o proxecto que se presenta (55ª edición da Feira do Viño do Ribeiro), segundo a documentación achegada coa solicitude.

Contrato de seguro de responsabilidade civil xeral do concello

En exercicio de competencia delegada nesta Xunta de goberno por Decreto de Alcaldía de 15 de xuño de 2016.

Vista a Lei 9/2017 de contratos do sector Público:

118.1 Se consideran contratos menores os de valor estimado inferior a 40.000 euros , cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministros ou de servizos. Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Asemade, se requirirá a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que establezcan as normas de desenvolvemento de esta lei.

118.3 No expediente xustificárase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación de regras xerais de contratación , e que o contratista non teña suscrito máis

contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro de este artigo, O órgano de contratación comprobará o cumprimento de esta regra.

118.4 Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

131.3 Os contratos menores poden adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación.

29.8 Os contratos menores non poden ter unha duración superior ao ano nin ser prorrogados.

17 Son contratos de servizos aqueles cuxo obxecto son prestacións de facer consistentes no desenrolo dunha actividade ou dirixidas a obtención dun resultado distinto dunha obra ou dun subministro, incluíndo aqueles en que o adxudicatario se obrigue a executar o servizo de forma sucesiva e por prezo unitario.

Visto o informe da Xunta Consultiva de Contratación do Estado 41/1998 de 16 de decembro de 1998, que indica” la posibilidad de que en los contratos de seguros pueda ser utilizada la categoría de los contratos menores , ha de recibir una respuesta afirmativa” Pronunciándose no mesmo senso o Informe da Intervención Xeral da Comunidade de Madrid de 13 de setembro de 2004” Admisión de la figura del contrato menor en el ámbito de los contratos de seguro”

Considerando que dende o 9 de marzo de 2018, data de entrada en vigor da Lei 9/2017 , non se ten subscrito ningún contrato con este obxecto co medidor Abanca Mediación Operador de Banca Seguros vinculado SL e con Caja de Seguros Reunidos (Caser) o, co cal os contratos menores suscritos co contratista non alcanzan o valor estimado de 15.000 euros.

Contratar con por un importe total ,IVE engadido de 2.799,92 euros a póliza do seguro de responsabilidade civil do concello de Ribadavia polo prazo dun ano dende a sinatura do contrato con mediador Abanca Mediación Operador de Banca Seguros Vinculado SL, aseguradora Caja de Seguros Reunidos (Caser).

Aprobar o gasto por importe de 2.799,92 euros con cargo á partida orzamentaria 22400 920.

Notificar a resolución ao adxudicatario no prazo de dez días a partir da data.

SOLICITUDE Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO SIL

Tendo coñecemento de que as brigadas da Confederación Hidrográfica Miño Sil van a escomenzar os traballos na zona, o concello de Ribadavia solicita que, por parte das brigadas da Confederación Hidrográfica Miño Sil, se proceda a limpeza dos ríos afectados polo depósito de materiais orixinados polos incendios.



**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.

E sendo as dez horas e dez minutos da maña, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión,
estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO